



## ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 18), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1.- Corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 alumnos/as**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos/as os/as alumnos/as matriculados/as no Centro e incluídos no Censo correspondente que está exposto no taboleiro de anuncios do primeiro piso do Edificio da ESO. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende 4 de novembro ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.

3.- Son elixibles os/as alumnos/as, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Conserxería do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 4 de novembro ata as 14:00 horas día 11 de novembro en Administración (edificio ESO).

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos, o día 12 de novembro, ás 11:00 horas no Despacho de Dirección. Esta mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos/as, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 13 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro.

6.- As votacións realizaranse neste Instituto o **día 19 de novembro, de 09:20 a 13:20 horas** (na propia aula de cada grupo).

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

8.- Finalizada a votación, procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vilagarcía, 30 de outubro de 2024.

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo. Adriana Lameiro Pérez